



A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 21 de maio de 2026, **CONSIDERA PERTINENTE**, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, do medicamento considerado de alto impacto, sanitario, social e económico:

SELINEXOR

Nas seguintes indicacións:

- **En combinación con bortezomib e dexametasona para o tratamento do mieloma múltiple (MM) en pacientes adultos que recibiron polo menos un tratamento previo.**
- **En combinación con dexametasona para o tratamento do MM en pacientes adultos que recibiron polo menos catro tratamentos e cuxa enfermidade é resistente polo menos a dous inhibidores do proteasoma, dous axentes inmunomoduladores e un anticorpo monoclonal anti-CD38, e que presentaron evolución da enfermidade no último tratamento.**

Os pacientes deben cumprir a seguinte situación clínica:

- ECOG ≤ 2 ¹.

⁽¹⁾ECOG ≤ 2 , excepto aqueles pacientes nos que o ECOG >1 está claramente en relación coa enfermidade de base.

Esta resolución e comunicada, nesta data, á Comisión de Farmacia e Terapéutica do seu hospital.

Santiago de Compostela,

O presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica
Alfredo José Silva Tojo

Xerente da Área Sanitaria do Servizo Galego de Saúde